

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DONA ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME, PROVINCIA DA CORUÑA.

CERTIFICO: Que en data 14/04/2023 , o Sr. Alcalde Presidente ditou o Decreto Nº 190/2023, que de seguido se transcribe no seu literal:

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE BENITO JOSÉ CALVO CASTRO, ARQUITECTO TÉCNICO, COMO MEMBRO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021), EN SUBSTITUCIÓN DE DAVID ÁLVAREZ FERREIRO.

EXPEDIENTE Nº 2022/C003/000004

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver o Decreto 662/2022 de 17/10/2022, polo que se resolveu, entre outros:

“**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente para a contratación das obras contidas no proxecto “**AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)**” (POS + ADICIONAL 2/2021), documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021., mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria, coas características seguintes:

TIPO DE CONTRATO	Contrato de obras	SUBTIPO DE CONTRATO	Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias.	
OBXECTO DO CONTRATO	"AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)			
PROCEDEM ENTO CONTRATAC IÓN	Procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP)	TIPO DE TRAMITACIÓN	Ordinaria	
CÓDIGO CPV	CPV: 45232411-6 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias.			



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

VALOR ESTIMADO	120.035,35 €				
ORZAMENTO BASE SEN IVE	120.035,35 €	IVE 21%	25.207,42 €	ORZAMENTO BASE INCL. IVE	145.242,77 €
FINANCIACIÓN	Aportación do POS+ Adicional 2/2021 da Deputación da Coruña: <ul style="list-style-type: none"> Aportación Deputación da Coruña: 121.978,62 € (83,98 %) Aportación Concello: 23.264,15 €(16,02 %) 				
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	DEZASETE (17) SEMANAS (OU CUATRO MESES),	PRÓRROGAS	Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente		
NECESIDADE A SATISFACER	Ampliación da rede municipal de saneamento.				

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato para a execución das obras contidas no proxecto "**AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)**" (**POS + ADICIONAL 2/2021**), documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021., mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

...//...

QUINTO.- Designar a Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colegiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito, xustificándose a asistencia á mesma, en cumprimento do Disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, do funcionario interino David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico, por atoparse desempeñando o posto interinamente ata a cobertura da praza por funcionario de carreira e publicar a súa composición no perfil do contratante:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Presidente: Daniel Ríos Fernández, (Concelleiro de Vías e obras, Economía, Facenda e Especial de Contas e Industria)

Vocais:

-Ana Ramos Ramos, secretaria municipal.

-Lucía Varela Martínez, interventora municipal.

-Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal.

-David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal

- Secretario/a: Eva Guerrero Rico, administrativa (Área de Secretaría)

Secretaria Suplente: Montserrat Soto Soto, auxiliar administrativa (Área de Secretaría)

...//...

Tendo en conta que a día de hoxe, o arquitecto técnico municipal atópase en situación de baixa laboral.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello, celebrada en sesión extraordinaria urxente o venres 3 de febreiro de 2023, relativo á aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Ares co Concello de Ponte deume, para o reforzo do servizo de urbanismo neste Concello, para a realización de tarefas relacionadas con dito departamento, documento asinado dixitalmente en data 21/02/2023, que recolle no seu clausulado, entre outros:

“4ª.- Designación do funcionario do Concello de Ares a quen se lle encomenda a realización das ditas tarefas e que acepta voluntariamente a realización das mesmas:

Benito José Calvo Castro, Arquitecto Técnico.

...//...

6ª.- Vixencia do Convenio. O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e ata que dure a situación de necesidade descrita pola cobertura da praza do posto de técnico de urbanismo, porque remate o número de horas máximas que se establece na



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cláusula terceira do convenio, ou remate o exercicio. De todos os xeitos, en calquer momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos;

Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Pontedeume acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.

Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos ao Concello de Culleredo.

Si o Concello de Ares, estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade do alcalde do concello de Pontedeume ao que preste colaboración, procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira

...//..."

Considerando o anteriormente exposto e en virtude da competencia desta Alcaldía conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril, así como na disposición adicional segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Designar a Benito José Calvo Castro, Arquitecto Técnico, membro da mesa de contratación do expediente de contratación para a execución das obras contidas no proxecto: "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021), expediente 2022/C003/000004, en substitución de David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal.

SEGUNDO.- A dita designación quedará sen efecto coa alta de David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal ou extinción do convenio de colaboración entre o Concello de Pontedeume e o Concello de Ares en materia de persoal, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello, celebrada en sesión extraordinaria urxente o venres 3 de febreiro de 2023, para a realización de tarefas relacionadas co departamento de urbanismo, documento asinado dixitalmente en data 21/02/2023

TERCEIRO.- Publicar o contido da presente resolución no perfil do contratante. .



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

”

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, Dona Ana Ramos Ramos, Secretaria do concello de Ponte deume, en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro, que se asina dixitalmente en Ponte deume, á data sinalada na marxe, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.

